



FACULTADE DE HUMANIDADES

PLAN ESTRATÉXICO PONTE
DA FACULTADE DE
HUMANIDADES, USC,
2021-2022

PLAN ESTRATÉXICO PONTE DA FACULTADE DE HUMANIDADES 2021-2022

Versión	Aprobado por	Data de aprobación
Primeira	Comisión da Calidade da Facultade de Humanidades	11 de decembro de 2020
	Xunta de Facultade	18 de decembro de 2020

1. Introducción.

De acordo co proceso PE-01 da Planificación Estratéxica do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, este documento constitúe o Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2021-2022.

Este Plan Estratéxico Ponte, tal e como se especifica na súa denominación, é o documento marco da estratexia da Facultade de Humanidades ata o ano 2022, momento no cal a Universidade de Santiago de Compostela ten previsto proceder á presentación dun novo Plan Estratéxico.

Durante o curso 2016-2017, a Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades xa iniciara a elaboración do seu Plan Estratéxico, tal e como se pon de manifesto no contido das actas das súas reunións celebradas o 30 de marzo e o 4 e 17 de abril de 2017. Mais este inicio quedou interrompido tras o anuncio da inminente extinción dos dous graos impartidos no centro, isto é, o *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* e o *Grao en Lingua e Literatura Españolas*. Esta decisión motivou que se paralizara este proceso á espera das directrices que se dictasen dende a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia con vistas á substitución destes estudos por outros.

O actual proceso de elaboración do Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Humanidades iniciouse na reunión da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades celebrada o 12 de novembro de 2020. Nela informouse sobre os seus contidos e o seu período de vixencia, de acordo coas directrices dictadas pola Vicerreitoría de Calidade e contidas nos documentos denominados "*Documento sobre orientación do contido do plan estratéxico ponte dos centros, a elaborar en base da resolución reitoral de 7 de outubro de 2020*" e "*Guía para a elaboración da planificación estratéxica ponte dos centros da USC*", remitidos por correo electrónico por dita Vicerreitoría o 30 de outubro de 2020. Posteriormente dita Vicerreitoría, por correo electrónico do 5 de novembro de 2020, comunicou aos centros da USC que o prazo máximo para a entrega dos seus respectivos plans estratéxicos sería o remate do presente ano 2020.

O Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Humanidades consta das seguintes partes:

- *“Introdución”* na que se fai unha breve presentación sobre a orixe e obxeto do mesmo.
- *“A situación da Facultade de Humanidades”* na que se revisa a oferta formativa de grao, mestrado e doutoramento e os cambios producidos nos mesmos.
- *“Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades”* na que se expón o papel desempeñado, o xeito de levalo a cabo e os principios e ideais que rixen o proceder da Facultade de Humanidades.
- *“Análise DAFO da Facultade de Humanidades”* na que se recollen as fortalezas e debilidades nos diferentes grupos de interese (PDI, PAS e alumnado), así como as oportunidades e ameazas.
- *“As liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades”* na que, e como consecuencia do apartado anterior, preséntase o plan estratéxico da Facultade de Humanidades de acordo coa Planificación Plurianual da USC 2019-2022.

2. A situación da Facultade de Humanidades.

Para analizar a situación da Facultade de Humanidades empréganse os seguintes documentos:

- Memoria de Calidade 2018-2019.
- Autoinforme para renovación da acreditación do Mestrado en Servizos Culturais (3ª edición), curso 2017-2018.
- Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Servizos Culturais (3ª edición), curso 2018-2019.
- Memoria do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.
- Autoinforme para a renovación da acreditación do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, curso 2015-2016.
- Memoria do Grao en Xestión Cultural.
- Actas da Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais.
- Actas da Comisión Académica e de Título.
- Actas da Comisión de Calidade.

As razóns para o recurso a ditos documentos obedecen a que son o punto de referencia fundamental para a elaboración do Plan Estratégico Ponte, pois neles atópanse recollidos moitos dos aspectos que servirán para desenrolar este apartado.

A Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela atópase no Campus de Lugo onde é o único centro que imparte docencia na Área de Ciencias Humanas e Artes. A orixe deste centro atópase no vello colexio universitario onde no curso 1972-1973 se implementou a titulación de Licenciatura Hispánica e á que tempo máis tarde, concretamente no curso 1994-1995, se engadiu a Licenciatura en Humanidades. Sen embargo os estudos de corte humanística gozan dunha tradición secular na cidade de Lugo e que pode retrotraerse a finais do século XVI coincidindo coa fundación do seminario diocesano de San Lourenzo.

Na Facultade de Humanidades na actualidade impártense os seguintes títulos:

- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.
- Grao en Lingua e Literatura Españolas.
- Mestrado en Servizos Culturais (3ª ed.).
- Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe.

O *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* substituiu á titulación de *Licenciatura en Humanidades* que iniciou a súa extinción durante o curso 2010/2011. Durante o curso 2015/2016 este Grao foi sometido a un proceso de avaliación para a renovación da súa acreditación por parte da ACSUG, recibindo informe favorable que lle foi notificado por resolución do Consejo de Universidades o 14 de xuño de 2016. Pese aos bos resultados obtidos neste proceso, este Grao nunca acadou os números de matrícula de alumnos de primeiro curso que aparecían establecidos na súa Memoria. Este argumento foi o esgrimido para que durante o ano 2017 se decidise que debía extinguirse e ser substituído polo *Grao en Xestión Cultural*. Esta extinción do *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* farase efectiva a partires do curso 2021/2022 cando se implante o *Grao en Xestión Cultural* que recibiu informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 10 de novembro de 2020. Polo tanto este novo Grao virá a substituír ao *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*.

En canto ao *Grao en Lingua e Literatura Españolas*, esta titulación está adscrita á Facultade de Filoloxía do Campus de Santiago. Esta é a razón que explica que na Facultade de Humanidades só exista unha aula B do mesmo. Esta aula B acusou un progresivo descenso en canto ao seu número de matriculados ao longo dos diferentes cursos académicos. Esta circunstancia foi determinante, ao igual co *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, para que se decidira a súa extinción que se fixo efectiva dende o curso 2019/2020 coa supresión do primeiro curso. Pese a que estaba prevista a substitución desta aula B polo *Mestrado en Ensino do Español como Lingua Estranxeira*, o 10 de novembro de 2020 a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu informe desfavorable da memoria presentada. Isto dá lugar a que o oco deixado por esta aula B sexa susceptible no futuro de ser cuberto por outro programa formativo a determinar.

O *Mestrado en Servizos Culturais* na súa 3ª edición comezou a súa impartición no curso 2015/2016 e é neste momento o único título que ten a súa continuidade garantida. Esta continuidade da que falamos, obedece o feito de ter recibido valoración positiva no seu proceso de renovación da acreditación. Este proceso iniciouse coa aprobación do Autoinforme para a Renovación da Acreditación 2017/2018 na Comisión de Calidade celebrada o 11 de febreiro de 2019, sendo ratificado na mesma data pola Xunta de Facultade. Posteriormente na reunión da Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais celebrada o 28 de maio de 2019 a coordinadora de dito Mestrado adiantou que o resultado da avaliación ía ser positivo, facendo un resume do preinforme oral no que se destacaron tanto os aspectos máis valorados como as recomendacións formuladas polos avaliadores. A comezos de xullo recibíuse o informe provisional da ACSUG sobre a renovación da acreditación. Dos sete aspectos tidos en consideración en dito informe, catro obtiveron unha valoración positiva, dous unha valoración parcialmente positiva e un unha valoración negativa. Por esta razón, a coordinadora elaborou un plan de melloras que foi aprobado na Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais celebrada o 22 de xullo de 2019, sendo logo ratificado pola Xunta de Facultade do 23 do mesmo mes como paso previo ao seu envío ao SXOPRA e á ACSUG. Este plan de melloras atópase neste momento bastante avanzado na súa execución, tal e como espuxo a propia coordinadora na reunión da Comisión do Mestrado celebrada o 2 de decembro de 2020.

Finalmente o Programa de Doutoramento en *Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe* comezou a súa impartición durante o curso 2014/2015, sendo unha

titulación de carácter interuniversitaria na que, ademais da Universidade de Santiago de Compostela, participa a Université Haute Bretagne Rennes II (Francia). Aínda que a súa última acreditación data do ano 2014, está prevista unha nova acreditación coa visita dos avaliadores o 14 de decembro do 2020.

3. Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades.

Misión.

A Facultade de Humanidades é unha institución pública, adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, que ten como misión contribuir á formación integral e rigorosa dos seus alumnos. O seu persoal docente e investigador conforma grupos que levan a cabo actividades de investigación, promovendo ademais a súa difusión, e que manteñen relacións coas administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación. Estas labores docentes e investigadoras contan co apoio do persoal de administración e servizos e teñen como destinatarios fundamentais ao alumnado. De acordo co anterior, tres son os aspectos que caracterizan á Facultade de Humanidades:

- A súa oferta formativa con capacidade para formar profesionais dotados de espírito crítico, rexidos polos principios de respecto e tolerancia e con vontade de servizo á sociedade.
- A capacidade de xerar e transmitir coñecemento.
- A colaboración entre o seu persoal docente e investigador e o seu persoal de administración e servizos en prol do progreso dos seus programas académicos e actividades científicas.

Por estas razóns a Facultade de Humanidades constitúese como un centro comprometido co desenvolvemento da sociedade do século XXI, así como cunha educación baseada nos principios democráticos.

Visión.

Dentro do período que abarca este Plan Estratégico Ponte dende o ano 2021 ao 2022, a Facultade de Humanidades pretende afianzar o seu recoñecemento dentro tres eixos fundamentais:

- Por parte do seu alumnado e da comunidade universitaria en xeral como un centro referente pola súa oferta académica diferenciada, pola calidade e o compromiso do seu profesorado, pola súa xestión, innovación e espírito de constante mellora dos seus programas formativos, sistemas de impartición e funcionamento e, finalmente, pola capacidade para formar aos seus alumnos co obxecto de que desenrolen a súa actividade profesional en ámbitos diferentes e dentro dun contexto nacional e internacional.
- Por parte da comunidade científica pola calidade da súa investigación e pola formación especializada e competitiva dos seus egresados e doutores no ámbito da xestión cultural, estudos culturais e industrias culturais, así como polos seus centros de investigación singulares.
- Por parte da propia sociedade ao ser un centro que difunde o seu coñecemento, pola súa colaboración con diferentes empresas, institucións e organismos públicos e privados e por manter un claro compromiso co progreso, sostibilidade e o medio ambiente.

Valores.

A Facultade de Humanidades promove unha formación do seu alumnado baseada nos principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo que constitúen os alicerces básicos de toda sociedade democrática. Con isto quérese dicir que este centro asume un firme compromiso na defensa da igualdade de oportunidades, rexeitando todo tipo de desigualdades e discriminacións por razóns de xénero, clase social, de orixe étnica, de credo relixioso, de orientación sexual ou diversidade funcional. Por outra parte, o seu funcionamento interno estará rexido pola integridade, compromiso e respecto coa comunidade educativa, por unha cultura de mellora continua e inclusiva e polo traballo en equipo e a transparencia na información e procedementos.

4. Análise DAFO da Facultade de Humanidades.

Para a realización da análise DAFO enviouse o 23 de novembro de 2020 un correo electrónico cun cuestionario a todo o persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e ao alumnado de grao, mestrado e doutoramento. Os resultados deste cuestionario por cada sector foron os seguintes:

Persoal docente e investigador

Debilidades:

- Baixada do número de docentes pola desaparición do Grao en Lingua e Literatura Españolas.
- Envellecemento da plantilla.
- Oferta formativa pouco coñecida a nivel de grao e inestabilidade dos títulos pola baixa matrícula.
- Necesidade formativa do profesorado nalgúns materias do novo grao.
- Non existencia de departamentos propios na Facultade.
- Necesidade de financiamento para os programas formativos, para o afianzamento da modalidade semipresencial e para adaptar as instalacións.
- A existencia dun só título de grao.
- Dependencia e falta de autonomía con respecto ao Campus de Santiago en cuestión de docentes, investigación e gobernanza.
- Desánimo no PDI e PAS pola incerteza sobre o futuro do centro e as súas titulacións.
- Dificultades na captación de alumnado fóra da cidade e provincia de Lugo.
- Fragmentación da docencia en dous cuatrimestres o que dificulta a posibilidade de realizar estadias de investigación.
- Existencia de áreas de investigación unipersoais.

Ameazas:

- Escaso número de alumnos e baixada do número de docentes que pode poñer en perigo a continuidade dos títulos.
- Pouco valor dos estudos humanísticos.
- Non adecuación da formación ás necesidades do alumnado de cara á súa incorporación ao mundo laboral.

- Escaseza de recursos económicos.
- Falta de protagonismo do Campus de Lugo.
- Falta de estruturas que permitan desenrolar unha investigación en boas condicións.
- Descoñecemento das aportacións que as áreas de Humanidades poidan facer á Agrupación Estratéxica de Investigación BioReDes do Campus Terra.
- Desmantelamento de parte do Campus Terra.
- Non cabida da Facultade de Humanidades no actual deseño do Campus de Lugo.
- Falta de traballo colaborativo entre departamentos e accións conxuntas.
- Posibilidade de que os adultos poidan seguir formándose.

Fortalezas:

- Mestrado existoso e único centro de ensino humanístico do Campus de Lugo.
- Oferta coherente e ben artellada entorno ao novo grao e mestrado.
- Formación semipresencial consolidada, evidenciada na capacidade para atender a súa docencia durante o estado de alarma e situación de pandemia.
- Calidade docente.
- Carácter interdisciplinar e modernidade do deseño das titulacións do centro.
- Satisfacción do alumnado co trato e formación recibida.
- Compromiso do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos co centro e coas súas titulacións.
- Relación cercana entre o profesor e alumno.
- Situación estratéxica entre Asturias e León, comunicación asequible por estrada, boa calidade de vida da cidade e poboación escolar e sustrato social interesado polo campus.
- Alumnado moi motivado e vocacional.
- Bo equipo de traballadores no centro (PDI, PAS, soporte técnico e persoal de limpeza).

Oportunidades:

- Campaña de publicidade do novo grao e da modalidade semipresencial pode axudar a captar alumnado fóra de Galicia.
- Implantación do novo grao e a captación do alumnado pode converter á Facultade de Humanidades nun referente na proxección dos feitos culturais e en dinamizadores da vida cultural.

- Aposta pola formación na xestión do patrimonio como alternativa post-Covid19, así como polas industrias verdes e pola divulgación.
- Carácter xeralista, singular e pluridisciplinar dos seus plans de estudos fronte a outras universidades.
- Vinculación a nivel de mestrado e doutoramento coas universidades portuguesas do eixo atlántico.
- Posibilidade da fusión da Facultade de Humanidades con outros centros como un elemento dinamizador e de atracción de alumnado.
- Reorientación do traballo e da dimensión da Facultade de Humanidades gracias ao novo grao.
- Amplo abano de saídas profesionais derivadas do novo grao.
- Docencia online.

Persoal de Administración e Servizos

Debilidades

- Falta de participación do PDI e alumnado nos órganos colexiados da Facultade de Humanidades e no deseño das titulacións.
- Escasa oferta formativa.
- Non recoñecemento das horas impartidas no programa de doutoramento.
- Falta de planificación e coordinación e de cultura de traballo en equipo.
- Descoñecemento das titulacións e das súas saídas profesionais.
- Inexistencia de datos de seguimento dos egresados.
- Escasa participación dos/as alumnos/as nos programas de intercambio.
- Dependencia do Campus de Santiago por falta de departamentos propios no centro.

Ameazas

- Falta de coñecemento das titulacións por parte do alumnado de bachelato.
- Necesidade dunha campaña de captación de alumnado.
- Competencia doutras titulacións universitarias.
- Perda de recursos humanos.
- Escaseza de recursos económicos.
- Baixo número de alumnado.

- Falta de actividades para orientar laboralmente ao alumnado mediante a participación de axentes culturais.

Fortalezas

- Estreita relación entre alumndo e docente que supón unha mellor calidade na docencia.
- Non existencia de masificación.
- Uso crecente das novas tecnoloxías.
- Relación da Facultade con diferentes empresas e organizacións.
- Boas instalacións.
- Docencia semipresencial.

Oportunidades

- Implantación do Grao en Xestión Cultural, único no Sistema Universitario Galego.
- Conversión da Facultade de Humanidades nun referente nos estudos no ámbito da cultura pola súa oferta docente cohesionada.
- Deseño dunha campaña de captación de alumnado.
- Gran demanda do Mestrado en Servizos Culturais.
- Implementación das titulacións de grao e mestrado en modalidade semipresencial.
- Apoio institucional.
- Establecer convenios de colaboración con universidades estranxeiras a nivel de grao e mestrado, en especial, con universidades portuguesas.
- Deseño dun título conxunto cunha universidade portuguesa.
- Demanda social.
- Instalacións adecuadas e cómodas e dotadas coas últimas tecnoloxías.
- Participación dos axentes culturais na orientación profesional do alumnado.
- Converter á Facultade de Humanidades na canalizadora da axenda cultural universitaria do Campus de Lugo.

Alumnado

Debilidades

- Falta, no momento actual, de contacto directo co director de tese.
- Descoñecemento por parte do potencial alumnado da oferta formativa da Facultade de Humanidades.
- Oferta limitada de actividade formativa nos cursos de doutoramento.
- Falta de actividades formativas por parte da Universidade de Rennes II.

Ameazas

- Predominio dos medios telemáticos que pode inducir ao alumnado a pensar que non é necesaria asistencia presencial ás aulas.
- Falta de interese por parte do alumnado.
- Falta de actividades formativas por parte da Universidade de Rennes II.
- Falta de conexión entre doutorandos e de oportunidades para actuar o alumnado como poñentes.

Fortalezas

- Aulas pouco masificadas.
- Mestrado en modalidade semipresencial.
- A oferta formativa.

Oportunidades

- Campaña de promoción da oferta formativa.
- Existencia dun programa de doutoramento conxunto coa Universidade de Rennes II.
- A oferta formativa.
- Favorecer a implantación de curso de doutoramento mediante streaming.

5. Liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades.

As liñas estratéxicas propostas no Plan Estratéxico Ponte 2021/2022 da Facultade de Humanidades recollen algunhas das definidas como prioritarias por parte da Vicerreitoría de Calidade. Estas liñas estratéxicas son as seguintes:

LIÑAS ESTRATÉXICAS DA FACULDADE DE HUMANIDADES 2019/2022

1. Levar adiante actividades de orientación laboral para o alumnado mediante recursos propios ou facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC.

2. Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado.
3. Fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores productivos relacionados coas súas titulacións.
4. Incorporar en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores de inclusión.
5. Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a información para as convocatorias de prácticas de empresa nas titulacións de grao e mestrado da Facultade de Humanidades.
6. Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de futuras titulacións compartidas.
7. Mellorar o programa de atención titorial para o alumnado internacional de grao e mestrado.
8. Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais en coordinación coa política xeral de comunicación coa USC.
9. Analizar e propoñer accións respecto as necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.
10. Levar adiante iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado.

LIÑA ESTRATÉGICA 1

Levar adiante actividades de orientación laboral para o alumnado mediante recursos propios ou facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

1.1 Orientar ao alumnado no seu futuro laboral.

1.2 Dar a coñecer as convocatorias públicas de bolsas formativas e as ofertas de emprego

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Xornada de orientación para o alumnado a cargo do Servizo de Orientación Laboral da USC.
- B. Organización das Xornadas de Xestión e Mediación Cultural.
- C. Elaboración dun documento informativo no que se recollan enlaces de buscadores de emprego, asociacións profesionais, institucións e empresas públicas e privadas do sector cultural etc.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Xornada informativa sobre as convocatorias de bolsas e ofertas de emprego.
- B. Publicitar as convocatorias de bolsas e ofertas de emprego mediante as redes sociais das titulacións do centro así como a través das aulas de coordinación.

LIÑA ESTRATÉGICA 2

En coordinación coas Vicerreitorías responsables, Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 2.1 Potenciar as redes sociais da Facultade de Humanidades e das súas titulacións.
- 2.2 Potenciar a información que se publica na nova páxina web da Facultade de Humanidades.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Creación das redes sociais do Grao en Xestión Cultural en Facebook, Twitter e Instagram.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Trasladar a información relevante da Facultade de Humanidades e dos seus títulos nos apartados correspondentes da nova web.

LIÑA ESTRATÉGICA 3

Fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores productivos relacionados coas súas titulacións.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 3.1 Averiguar as demandas do sector.
- 3.2 Favorecer a participación do Comité Consultivo Externo da Facultade de Humanidades.
- 3.3 Implementar indicadores de elaboración propia.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Elaboración, en colaboración coa Área de Orientación Laboral da USC, dun informe sobre a situación do sector e os perfís profesionais demandados

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Celebración de reunións periódicas do Comité Consultivo Externo a fin de recabar información sobre os perfís profesionais emerxentes.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Elaboración dunha enquisa remitida aos egresados a fin de averiguar a súa situación laboral, sector no que están empregados, etc.

LIÑA ESTRATÉGICA 4

Incorporar en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores de inclusión.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 4.1 Favorecer e garantir a participación de todo o alumnado nas actividades que promova o centro.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) para a integración do alumnado con necesidades específicas.

LIÑA ESTRATÉGICA 5

Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a información para as convocatorias de prácticas de empresa nas titulacións de grao e mestrado da Facultade de Humanidades

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

5.1 Publicitar os convenios de prácticas existentes para as titulacións de grao e mestrado da Facultade de Humanidades.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Elaborar un documento no que se recollan as empresas e institucións que ofertan prácticas de empresas xunto cos seus datos de contacto.
- B. Poñer este documento a disposición do alumnado de grao e mestrado a través da páxina web da Facultade de Humanidades.
- C. Elaboración dun mapa coa ferramenta google maps que permita a fácil localización destas empresas e institucións.

LIÑA ESTRATÉGICA 6

Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de futuras titulacións compartidas.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

6.1 Localizar todas as titulacións españolas e estranxeiras do mesmo ámbito cas impartidas na Facultade de Humanidades.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Analizar a estrutura e orientación destas titulacións.
- B. Explorar a posibilidade de establecer futuras titulacións compartidas.

LIÑA ESTRATÉGICA 7

Mellorar o programa de atención titorial para o alumnado internacional de grao e mestrado.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

7.1 Mellorar a atención titorial ao alumnado estranxeiro de grao e mestrado

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 7.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Xornada de benvida e presentación da titulación na que están matriculados.
- B. Elaboración dunha breve guía a modo de preguntas e respostas sobre as dúbidas que ao alumnado internacional se lle poidan plantexar.
- C. Potenciar a atención a este alumnado por parte dos coordinadores de título.

LIÑA ESTRATÉGICA 8

Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais en coordinación coa política xeral de comunicación coa USC.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

8.1 Inclusión da Facultade de Humanidades e dos seus títulos en redes nacionais e internacionais do ámbito da Xestión Cultural.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 8.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Actualización e publicitación da oferta formativa da Facultade de Humanidades na Red de Centros Universitarios en Gestión Cultural <https://redgestioncultural.wixsite.com/gestioncultural>
- B. Inclusión da Facultade de Humanidades e da súa oferta formativa nas páxinas web de diferentes asociacións profesionais do ámbito da Xestión Cultural, tanto a nivel nacional como estranxeiro.

LIÑA ESTRATÉGICA 9

Analizar e propoñer accións respecto ás necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

9.1 Implementación dun plan de aforro enerxético.

9.2 Electrificación das aulas.

9.3 Mellora dos espazos para a docencia e actividades prácticas.

9.4 Dotación de espazos para a mobilidade da comunidade universitaria.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 9.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Substitución das actuais luminarias de aulas e despachos por luminarias led.
- B. Reorganización dos horarios de calefacción de acordo coas horas de docencia.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 9.2

ACCIÓN ESTRATÉGICA

- A. Instalación de enchufes para portátiles do alumnado nas aulas.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 9.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Creación do Centro de Experimentación de Proxectos Culturais e do Taller de Tecnoloxías Dixitais.
- B. Mellora do sistema de proxección audiovisual no Salón de Graos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 9.4

ACCIÓN ESTRATÉGICA

- A. Instalación de aparcadoiros para bicicletas e patíns eléctricos.

LIÑA ESTRATÉGICA 10

Levar adiante iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado.

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

10.1 Aumentar a composición do Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 10.1



FACULDADE DE HUMANIDADES

PLAN ESTRATÉGICO PONTE
DA FACULDADE DE
HUMANIDADES, USC,
2021-2022

ACCIÓN ESTRATÉGICA

- A. Incorporar ao Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades a algún dos responsables destas empresas, entidades e institucións cunha colaboración máis estreita con este centro.